

A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL

Período de rexencias 1833-1843

Reinado de Isabel II 1843-1868



TRAZOS XERAIS

- **A monarquía vese forzada a buscar o apoio dos liberais moderados** para garantir os dereitos de Isabel II ó trono, rexeitados polos carlistas.
 - ♦ Durante as rexencias de María Cristina e de Espartero **establécense as bases do Estado liberal**.
 - ♦ O **carlismo defende o Antigo Réxime**: monarquía absoluta, foros, catolicismo.
- **División do liberalismo** en varias tendencias:
 - ♦ **Moderado**. Predominante durante todo o reinado (favorito da monarquía). Apoiado pola aristocracia e da alta burguesía que buscan asegurarse o control do poder.
 - ♦ **Progresista**. Apoiado pola mediana e pequena burguesía. Promotor dos maiores cambios.
 - ♦ **Democrático**. Apoio nas clases populares.
- Liberais progresistas e demócratas, excluídos do xogo político, recorren á mobilización e ó pronunciamento para acceder ó poder. **O exército, cos pronunciamentos**, ten un **papel fundamental** ó longo do XIX.

PROTAGONISTAS

A MONARQUÍA

- Exerce o **poder executivo** (nomea o goberno).
- **Condiciona o lexislativo:**
 - Nomea o Senado (ou parte),
 - Convoca e dissolve as Cortes,
 - Dereito de veto.
- **Favorece ós moderados** máis conservadores.
- Os liberais progresistas teñen que recorrer ós pronunciamentos para poder formar goberno.



O EXÉRCITO

- As súas intervencións **determinan os cambios políticos.**
 - Os moderados válense del para manterse no poder e rexeitar as reivindicacións das clases medias e populares.
 - Os progresistas recorren a el para acceder ó goberno, dado ó apoio da monarquía ós moderados e ó sufraxio censatario.
- Os principais **líderes políticos son militares:** Espartero, O'Donnell, Narváez, Serrano...



ESPARTERO



NARVÁEZ



O'DONNELL



SERRANO

OS CARLISTAS

- Avogan polo **retorno ó Antigo Réxime**: “*Deus, Patria, Rei e fueros*”
 - Monarquía absoluta de orixe divina.
 - Réxime señorial e privilexios da nobreza e do clero.
 - Defensa dos “*fueros*”
 - Catolicismo. Inquisición.
- **Apoios no clero**, na vella **nobreza** e no **campesiñado**.
- **Maior presenza no País Vasco, Navarra** e certas zonas de **Cataluña**.



Doc. M^a Teresa de Braganza, *Carta a los españoles*, 1864)

“Relixión, Patria e Rei (...) Rei, digo por último, pero rei pola graza de Deus e non pola graza da soberanía nacional (...). Segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder e os poderes que existen, negando deste modo todo poder de orixe divina. Agora ben, isto está condenado pola Igrexa católica e con razón: pois a Escritura sagrada di expresamente: todo poder vén de Deus (...)”



Primeira Guerra Carlista (1833-1839). Ocasionada pola sucesión ó trono tras a morte de Fernando VII, non aceptan a Pragmática Sanción e apoian os dereitos sucesorios de Carlos María Isidro.

- María Cristina ten que apoiarse nos liberais moderados para defender os dereitos da súa filla Isabel ó trono.
- A guerra remata co **Abrazo de Vergara** entre Maroto e Espartero.



IMPLANTACIÓN DO LIBERALISMO

Ideoloxía política que se desenvolve desde finais do XIX a partir dos ilustrados franceses: Montesquieu, Rousseau...

PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS:

- **Dereitos individuais** inalienables: vida, liberdade, igualdade, seguridade, propiedade. O seu recoñecemento converte ós homes en cidadáns.
- **Soberanía nacional ou popular**. As Cortes, para os progresistas, ou as Cortes co rei (soberanía compartida), para os moderados, son as depositarias da soberanía.
- Os cidadáns manifestan a soberanía a través do **sufrexio**:
 - **Sufrexio censatario** (varóns maiores de idade e con certo nivel de rendas). Correspóndese coa soberanía nacional.
 - **Sufrexio universal masculino** (varóns maiores de idade). Correspóndese coa soberanía popular. O sufragio universal íntegro, recoñecendo o dereito a voto das mulleres, non se recoñecerá ata 1931.

-
- **Separación de poderes** (Locke, Montesquieu):
 - **Poder lexislativo** (debater e aprobar leis), corresponde ás Cortes.
 - **Unicamerais** (seguindo o modelo francés).
 - **Bicamerais** (seguindo o modelo inglés):
 - **Congreso**, representantes electos.
 - **Senado** (composta polas persoas de maior idade e nivel de renda)
 - Senadores de designación real dunha terna (opción progresista).
 - Senadores nomeados directamente polo rei (opción moderada).
 - **Poder executivo** (gobierno). Corresponde ó rei, que nomea e cesa ós ministros. Responsabilidade ministerial.
 - **Poder xudicial**. Recae en xuíces e maxistrados, que castigan ó incumprimento das leis.
 - Existencia dunha **constitución**, lei suprema que recolle os dereitos dos cidadáns, a forma de Estado, a soberanía, o sufraxio, as institucións (composición e función)...
-

TENDENCIAS LIBERAIS

* MODERADA ou DOUTRINARIA

- Defende:
 - Soberanía compartida (rei+Cortes).
 - Sufraxio moi censatario.
 - Limitación de dereitos e liberdades.
 - Proteccionismo económico. Impostos indirectos.
 - Estado centralista (pouca autonomía de Concellos e Deputacións).
 - Catolicismo do Estado.
 - Creación de corpos militarizados (Garda Civil).
- Apoios na alta burguesía, aristocracia latifundista e clases medias enriquecidas coas desamortizacións.
- Líderes: Argüelles, Martínez de la Rosa, Narváez, Bravo Murillo...
- Constitución de 1845.

Doc. CONSTITUCIÓN DE 1845

Dona Isabel II, pola graza de Deus e a Constitución da Monarquía española, Raíña das Españas; a todos os que a presente viren y entenderen, sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos *fueros* e liberdades destes Reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ó efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos, en unión e de acordo coas Cortes actualmente reunidas, en decretar e sancionar a seguinte: Constitución da Monarquía Española (...)

Art. 4. Uns *mesmos códigos* rexerán en toda a Monarquía (...).

Art. 6. *Todo español está obrigado a defender a Patria coas armas* cando sexa chamado pola lei, e a *contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado*.

Art. 11. A *Relixión da Nación española é a católica*, apostólica, romana. *O Estado obrígase a manter o culto e os seus ministros* (...).

Art. 12. A potestade de *facer as leis reside nas Cortes co Rei*.

Art. 13. As Cortes compóñense de *dous Corpos Colexisladores*, iguais en facultades: *O Senado* e *o Congreso* dos Deputados.

Art. 14. O *número de Senadores* é *ilimitado*: o seu *nomeamento pertence ó Rei*.

Art. 17. *O cargo de Senador é vitalicio*.

Art. 20. O *Congreso* dos Deputados *comporase dos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei*. Nomearase un Deputado a lo menos por cada cincuenta mil almas da poboación

Art. 22. *Para ser Deputado requírese* ser español do estado segrar, ter cumprido vinte e cinco anos, *desfrutar a renda procedente de bens raíces, o pagar por contribucións directas* a cantidade que a lei electoral esixa [...]

Art. 35. *O Rei e cada uno dos corpos colexisladores* teñen a *iniciativa das leis*.

Art. 36. As leis sobre contribucións e crédito público presentaranse primeiro ó Congreso dos Deputados. [...]

Art. 45. Ademais das prerrogativas que a Constitución outorga *ó Rei*, *correspóndelle* (...) *nomear e separar libremente os ministros* (...)

Art. 72. En cada provincia haberá unha *Deputación* provincial, *elixida na forma que determine a lei*, e composta do número de individuos que esta sinale. [...]

Art. 73. Haberá nos pobos *Alcaldes e Concellos*. Os *Concellos* serán *nomeados polos veciños a quen a lei confira este dereito*.


- Na Década Moderada fraccionamento:
 - Os **autoritarios**, de posicións ultraconservadoras (**Bravo Murillo**).
 - Os **moderados** (conservadores).
 - No reinado de Isabel II, o líder é **Narváez**.
 - No Sexenio Democrático constituirán o grupo alfonsino, liderado por **Cánovas** (fundador do Partido Liberal Conservador da Restauración).
 - Os **puritanos**, de posicións centristas. Crearán a **Unión Liberal**, liderada por **O'Donnell** (no Bienio Progresista) e logo por **Serrano** (no Sexenio Democrático).



BRAVO MURILLO



NARVÁEZ



CÁNOVAS



O'DONNELL



SERRANO

✦ OS PROGRESISTAS

- Defenden:
 - Soberanía nacional.
 - Supremacía das Cortes sobre o rei.
 - Sufraxio censatario máis amplo.
 - Dereitos e liberdades máis amplos.
 - Estado máis descentralizado (autonomía dos Concellos)
 - Liberdade de cultos, limitacións ó poder da Igrexa...
 - Liberalismo económico. Abolición dos consumos.
 - Líderes: Mendizábal, Espartero, Olózaga, Madoz, Prim...
 - Tiveron en contra á monarquía. Para acceder ó goberno recorreron a pronunciamentos.
 - Importante labor lexislativo: desamortizacións, lei de ferrocarrís...
-

Doc. CONSTITUCIÓN DE 1837

Sendo a votade da Nación revisar en uso da súa Soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz o 19 de marzo de 1812, as Cortes Xerais congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución:

Título I. Dos españois (...)

Art. 2. Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con suxeición ás leis. A cualificación dos delitos de imprenta corresponde exclusivamente ós xurados. [...]

Art. 4. Uns mesmos códigos rexerán en toda a Monarquía, e neles non se establecerá máis que un so *fuego* para todos os españois nos xuízos comúns, civís e criminais. [...]

Art. 5. Todos os españois son admisibles ós empregos e cargos públicos, segundo o seu mérito e capacidade.

Art. 7. Non pode ser detido nin preso, nin separado do seu domicilio ningún español, nin allanada a súa casa, senón nos casos e forma que as leis prescriban.

Art. 9. Ningún español pode ser procesado ni sentenciado senón polo xuíz ou o tribunal competente (...).

Art. 10. Non se impondrá xamais a pena de confiscación de bens, e ningún español será privado da súa propiedade senón por causa xustificada de utilidade común, previa a correspondente indemnización.

Art. 11. A Nación obrígase a manter o culto e os ministros da Relixión Católica que profesan os españois.

Título II. Das Cortes

Art. 12.- A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art.13.- As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados [...]

Art. 17. Para ser Senador requírese ser español, maior de 40 años e ter os medios de subsistencia e las demais circunstancias que determine a lei electoral.

Art. 23. Para ser Deputado requírese ser español, do estado segrar, ter cumprido 25 años e ter as demais circunstancias que determine a lei electoral.

Título VI. Do rei

Art. 45.- A potestade de facer executar as leis reside no Rei, e a súa autoridade esténdese a todo canto conduce á conservación da orden pública no interior, e á seguridade do Estado no exterior [...].

Art. 46.- O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 50. A Raíña lexítima das Españas é dona Isabel II de Borbón.

Art. 63. Ós Tribunais e Xulgados pertence exclusivamente a potestade de aplicar as leis nos xuízos civís e criminais.


- Fragmentación:
 - O sector máis conservador únese á Unión Liberal.
 - **Progresistas**. Liderados por **Espartero** e, no Sexenio Democrático, por **Prim**. Na Restauración formarán o Partido Constitucional (logo Partido Liberal Fusionista e Partido Liberal), liderado por Sagasta.
 - **Demócratas** (desde 1849). Na clandestinidade. Participan no Pacto de Ostende para destronar a Isabel II. Propostas democráticas: soberanía popular, sufraxio universal masculino, ampliación de dereitos e liberdades, aconfesionalidade do Estado... Líderes: **Rivero**, **Castelar**, **Figueras**. Na Restauración formarán o Partido Radical, liderado por Ruíz Zorrilla.
 - **Republicanos**. Xorden en 1869 como escisión dos demócratas. Na Restauración dividiranse, uns incorpóranse ó Partido Radical e outros crearán o Partido Republicano Federal, liderado por Pi i Margall.



ESPARTERO



PRIM



CASTELAR



FIGUERAS



PI I MARGALL

Doc. Fernando Garrido (republicano) caracteriza, en 1860, as máis importantes tendencias políticas

“**Os moderados** representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre tódolos outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros (...).

Hai unha fracción **demócrata** que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a **fracción republicana** propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, ós traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”.

	MODERADOS	PROGRESISTAS	DEMÓCRATAS
SOBERANÍA	Compartida Primacía raiña	Compartida primacía cortes	Popular
DIVISIÓN PODERES	Poderes compartidos con primacía do rei sobre as Cortes	Poderes compartidos con primacía das Cortes sobre o rei	Ríxida.
MONARQUÍA	-Poder executivo -Nomea o goberno -Participa no lexislativo -Iniciativa lexislativa -Veto -Nomea Senado, dissolve Cortes	-Poder executivo -Nomea goberno -Exerce a traves dos ministros. -Limitan a súa participación do no lexislativo	Limitase moito o pode real -Goberno ratificado polas Cortes -Executivo nos minstros -Rei sanciona as leis sin dereito a veto
CORTES	Poder lexislativo compartido co rei -Senado nomeamento real -Congreso sufraxio censatario	Poder lexislativo Senado e Congreso sufraxio censatario	Poder lexislativo Ratifica e controla ó goberno Unha soa cámara por sufraxio universal
DEREITOS	-Restrición de dereitos e liberdades	-Maís dereitos e liberdades	-Ampliación:-Participación, reunión e asociación, etc Garantías para o seu disfrute-
SUFRAXIO	Censatario moi restrinxido	Censatario máis amplo	Universal masculino
RELIXIÓN	Catolicismo relixión de estado Prohibición doutros cultos	Catolicismo relixión de estado Tolerancia cara outros cultos	Liberdade de cultos
CONCELLOS	Nomeados polo goberno	Electivos	Electivos
BASES SOCIAIS	Oligarquía	Clases Medias	Clases Medias Clases Populares

REINADO DE ISABEL II (1833-1868)

REXENCIAS (1833-1843)



María Cristina de Borbón (1833-1840)



Baldonero Espartero (1840-43)

REXENCIA DE MARÍA CRISTINA (1833-1840)



♦ Anos de transición (1833-35).

Monárquicos reformistas (Cea Bermúdez, Javier de Burgos) e liberais moderados (Martínez de la Rosa) acometen reformas para pasar dunha monarquía absoluta a un liberalismo doutrinario:

- **Estatuto Real de 1834** (carta outorgada): Cortes bicamerais (Próceres, elixida polo rei, e Procuradores, por sufraxio moi restrinxido), soberanía real, non recolle dereitos cidadáns nin separación de poderes.
- **División provincial** (Javier de Burgos). Desaparición dos reinos medievais. Administración máis centralizada.
- Reformas: **liberalización do comercio e da industria, tímida liberdade de imprenta** con censura previa.

Contexto inestable: guerra carlista, presión dos liberais progresistas, incendio da fábrica de Bonaplata...

♦ Anos de ruptura co Antigo Réxime (1835-40).

Revoltas populares instigadas polos progresistas forzaron á rexente a confiar o goberno ós progresistas:

Álvarez de Mendizábal iniciou reformas:

- **Desamortización dos bens do clero regular** e supresión das ordes regulares masculinas (agás as que prestasen servizos sociais). Permitiu reducir débeda pública, sufragar a guerra carlista e gañar adeptos á causa isabelina.



- **Servizo militar obrigatorio.** Ante as protestas, **redención de quintas.**

- Destitución de Mendizábal por un goberno moderado (Istúriz).
- Protestas progresistas e o **Motín dos sarxento da Granja** (agosto 1836) obrigaron á rexente a:
 - Restablecer a Constitución de 1812
 - Designar a CALATRAVA (progresista) a formación de goberno
 - Convocar eleccións a Cortes constituíntes.



María Cristina asina a Constitución de 1812 en presenza dos sarxentos amotinados

- **Constitución de 1837:**
 - Soberanía compartida (predominio das Cortes)
 - Cortes bicamerais: Deputados por sufraxio censatario, Senadores elixidos por lo rei dunha terna provincial.
 - Coroa: poder executivo (ministros aceptados polas Cortes e con responsabilidade). Iniciativa lexislativa.
 - Elección popular dos Concellos.
 - Milicia Nacional.
 - Declaración de dereitos.
 - Certa tolerancia relixiosa (mantemento do culto católico).

Doc. CONSTITUCIÓN DE 1837

Sendo a votade da Nación revisar en uso da súa Soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz o 19 de marzo de 1812, as Cortes Xerais congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución:

Título I. Dos españois (...)

Art. 2. Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con suxeición ás leis. A cualificación dos delitos de imprenta corresponde exclusivamente ós xurados. [...]

Art. 4. Uns mesmos códigos rexerán en toda a Monarquía, e neles non se establecerá máis que un so *fuego* para todos os españois nos xuízos comúns, civís e criminais. [...]

Art. 5. Todos os españois son admisibles ós empregos e cargos públicos, segundo o seu mérito e capacidade.

Art. 7. Non pode ser detido nin preso, nin separado do seu domicilio ningún español, nin allanada a súa casa, senón nos casos e forma que as leis prescriban.

Art. 9. Ningún español pode ser procesado ni sentenciado senón polo xuíz ou o tribunal competente (...).

Art. 10. Non se impondrá xamais a pena de confiscación de bens, e ningún español será privado da súa propiedade senón por causa xustificada de utilidade común, previa a correspondente indemnización.

Art. 11. A Nación obrígase a manter o culto e os ministros da Relixión Católica que profesan os españois.

Título II. Das Cortes

Art. 12.- A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art.13.- As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados [...]

Art. 17. Para ser Senador requírese ser español, maior de 40 años e ter os medios de subsistencia e las demais circunstancias que determine a lei electoral.

Art. 23. Para ser Deputado requírese ser español, do estado segrar, ter cumprido 25 años e ter as demais circunstancias que determine a lei electoral.

Título VI. Do rei

Art. 45.- A potestade de facer executar as leis reside no Rei, e a súa autoridade esténdese a todo canto conduce á conservación da orden pública no interior, e á seguridade do Estado no exterior [...].

Art. 46.- O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 50. A Raíña lexítima das Españas é dona Isabel II de Borbón.

Art. 63. Ós Tribunais e Xulgados pertence exclusivamente a potestade de aplicar as leis nos xuízos civís e criminais.

REXENCIA DE ESPARTERO (1840-1843)

A paralización das desamortizacións, a restrición da autonomía municipal... dos moderados (no poder entre 1837 e 1840) provocou revoltas. Para frealas, María Cristina, encargou o goberno a ESPARTERO. As pretensións deste de compartir a rexencia ocasionaron a **renuncia de María Cristina**.

- Medidas:
 - **Desamortización dos bens do clero secular.**
 - **Supresión dos privilexios forais vascos** (contravindo o Convenio de Vergara). A *Lei paccionada* (1841) permitira ós navarros conservar institucións e peculiaridades forais.
 - **Acordo de librecambio co Reino Unido.** Lesionou os intereses dos industriais téxtiles cataláns, o que levantou motíns e represión (bombardeo de Barcelona, 1842).
- O autoritarismo de Espartero levou ó pronunciamento de Torrejón de Ardoz, liderado por Narváez, o exilio do rexente e á proclamación da maioría de idade de Isabel II.

REINADO EFECTIVO DE ISABEL II (1843-1868)



REINADO EFECTIVO (1843-1868)

As Cortes declaran a maioría de idade de Isabel II (13 anos) en 1843.

O seu reinado caracterízase por:

- Excesiva **intervención da Coroa** en asuntos políticos. Preferencia polos conservadores.
- Falsidade do sistema parlamentario.
- Excesivo **protagonismo do exército**. A maioría dos gobernos presididos por “espadóns”.
- **Fraxilidade dos partidos políticos**, moi fragmentados e débiles. Camarillas arredor dun líder.
- **Conservadurismo e autoritarismo dos gobernos**.
- **Construción dun sistema liberal do gusto da alta burguesía**.



DÉCADA MODERADA (1844-54)

Liderada polo xeneral **NARVÁEZ**. Establece un goberno oligárquico que segue o liberalismo doutrinario.

- Promulgación da **Constitución de 1845**:
 - Soberanía compartida (Coroa + Cortes).
 - Amplos poderes da Coroa: poder executivo, comparte o lexislativo (designa senadores; convoca, suspende e dissolve as Cortes)
 - Sufraxio moi censatario (0,8%) para elección de deputados
 - Estado confesional católico.
 - Restrición de liberdades individuais. Censura.
- **Redución da autonomía dos Concellos**. Alcaldes nomeados polo goberno ou polo gobernador civil, concelleiros por sufraxio restrinxido.
- **Creación da Garda Civil** (1844) para manter a orde e reprimir altercados. Substitúe á Milicia Nacional.



Doc. CONSTITUCIÓN DE 1845

Dona Isabel II, pola graza de Deus e a Constitución da Monarquía española, Raíña das Españas; a todos os que a presente viren y entenderen, sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos *fueros* e liberdades destes Reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ó efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos, en unión e de acordo coas Cortes actualmente reunidas, en decretar e sancionar a seguinte: Constitución da Monarquía Española (...)

Art. 4. Uns *mesmos códigos* rexerán en toda a Monarquía (...).

Art. 6. *Todo español está obrigado a defender a Patria coas armas* cando sexa chamado pola lei, e a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado.

Art. 11. A Relixión da Nación española é a católica, apostólica, romana. O Estado obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art. 12. A potestade de *facer as leis reside nas Cortes co Rei*.

Art. 13. As Cortes compóñense de *dous Corpos Colexisladores*, iguais en facultades: O Senado e o Congreso dos Deputados.

Art. 14. O *número de Senadores* é ilimitado: o seu nomeamento pertence ó Rei.

Art. 17. *O cargo de Senador é vitalicio*.

Art. 20. O Congreso dos Deputados *comporase dos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei*. Nomearase un Deputado a lo menos por cada cincuenta mil almas da poboación

Art. 22. *Para ser Deputado requírese* ser español do estado segrar, ter cumprido vinte e cinco anos, *desfrutar a renda procedente de bens raíces, o pagar por contribucións directas* a cantidade que a lei electoral esixa [...]

Art. 35. *O Rei e cada uno dos corpos colexisladores* teñen a *iniciativa das leis*.

Art. 36. As leis sobre contribucións e crédito público presentaranse primeiro ó Congreso dos Deputados. [...]

Art. 45. Ademais das prerrogativas que a Constitución outorga *ó Rei, correspóndelle* (...) *nomear e separar libremente os ministros* (...)

Art. 72. En cada provincia haberá unha *Deputación* provincial, *elixida na forma que determine a lei*, e composta do número de individuos que esta sinale. [...]

Art. 73. Haberá nos pobos *Alcaldes e Concellos*. Os *Concellos* serán nomeados polos veciños a quen a lei confira este dereito.

- **Reforma tributaria de Mon e Santillán** (1845) reduciendo os impostos a: directos (contribución territorial e sobre a industria e o comercio) e indirectos (consumos, aduanas...), que prexudicaron ós grupos populares. Motíns.
- **Concordato coa Santa Sé** (1851). A Igrexa acepta as desamortizacións a cambio dunha dotación para o culto e o clero, a confesionalidade do Estado, ensinanza católica e censura eclesiástica.
- Implantación do **sistema métrico decimal**.
- **Sistema nacional de instrución pública**.

O autoritarismo aumentou co goberno de **BRAVO MURILLO** (1852), que propuxo unha reforma constitucional que transformaba o Estado nunha ditadura (gobernar por decreto, suspender definitivamente as Cortes)

Malestar aumentou entre progresistas e moderados.



Pronunciamento de Vicálvaro



Doc. MANIFESTO DE MANZANARES (1854).

Españóis: A entusiasta acollida que vai encontrando nos pobos o Exército liberal; o esforzo dos soldados que o compoñen, tan heroicamente mostrado nos campos de **Vicálvaro**; o aplauso con que en todas partes foi recibida a noticia do noso patriótico alzamento, aseguran desde agora o triunfo da liberdade e das leis que xuramos defender.

Dentro de poucos días, a maior parte das provincias haberán sacudido o xugo dos tiranos; o Exército enteiro virá poñerse baixo as nosas bandeiras, que son as leais; a nación desfrutará os beneficios do réxime representativo, polo cal derramou ata agora tanto sangue inútil e soportou tan custosos sacrificios. Día é, pois, de dicir o que estamos resoltos a facer no da vitoria.

Nós queremos a conservación do trono, pero sen camarilla que o deshonre; queremos a práctica rigorosa das leis fundamentais, mellorándoas, sobre todo a electoral e a de imprenta; queremos a rebaixa dos impostos, fundada nunha estrita economía; queremos que se respecten nos empregos militares e civís a antigüidade e os merecementos; queremos arrancar ós pobos a centralización que os devora, dándolles a independencia local necesaria para que conserven e aumenten os sus intereses propios, e como garantía de todo isto queremos e formularemos, baixo sólidas bases, a Milicia Nacional. Tales son os nosos intentos, que expresamos francamente, sen impoñerllos por iso á nación.

As Juntas de goberno que deben irse constituíndo nas provincias libres; as Cortes xerais que logo se reúnan; a mesma nación, en fin, fixará as bases definitivas da rexeneración liberal a que aspiramos. Nós temos consagradas á votade nacional as nosas espadas, e non as envaiñaremos asa que ela estea cumprida.

Cuartel xeral de Manzanares, a 6 de xullo de 1854. O xeneral en xefe do Exército constitucional, Leopoldo O'Donnell, conde de Lucena.





Espartero e O'Donnell comunicando o triunfo do pronunciamento

BIENIO PROGRESISTA (1854-56)

Tras o triunfo do pronunciamento de Vicálvaro (progresistas e algúns moderados encabezados por O'Donnell) coa promesa (Manifiesto de Manzanares) de reformar o sistema, a raíña chama a **Espartero** a formar goberno. **O'Donnell** ministro da guerra.

O goberno é inestable, pero :

- Elabora un proxecto de carta magna progresista: a **Constitución *non nata* de 1856**.
- Aproba a **Lei de desamortización xeral** (1855) de Madoz
- Crea o **Banco de España**
- Aproba a **Lei de ferrocarrís**




ALTERNANCIA MODERADOS-UNIONISTAS (1856-68)

Comeza co golpe de O'Donnell apartando ós progresistas do poder.

Alternáronse no poder os moderados (Narváez) e os unionistas (O'Donnell).

Gobernos de O'Donnell (1856-63) coinciden con prosperidade económica e estabilidade política.

- Revitalización do parlamentarismo (permitíase certa minoría opositora)
- Continuaron as construcións de **infraestruturas** (rede ferroviaria, canal de Isabel II).
- Creación dos **institutos** de ensino medio (Lei Moyano)
- **Activa política exterior** para prestixiar á monarquía, espertar a exaltación patriótica e contentar ós militares.



Gobernos de Narváez (1863-68)

- Tenderon ó **autoritarismo**: marxinación das Cortes, persecución ós opositores (os progresistas pasan á insurrección).
- Forte **represión**.



Revolta estudantil da Noite de san Daniel (1865), en apoio do reitor (cesado por non aceptar a orde de cese contra Castelar) rematou cunha brutal carga do exército e da Garda Civil .



Sublevación dos sarxentos do cuartel de San Gil (1866)
Rematou con 66 fusilamentos e máis de mil prisioneiros.

- **Recesión económica** (2/2 dos 60) e aumento do malestar.

A FIN DO REINADO

Crece a **oposición ó sistema e á monarquía** entre clases medias e populares por

- Falta de participación política,
- Crise económica,
- Ineficacia dos gobernos. Represión.
- Desprestixio da monarquía: vida privada “escandalosa”, parcialidade (apoio constante ós sectores máis conservadores dos moderados)



Doc. Pacto de Ostende, 1866

“...Acordouse por unanimidade o seguinte: 1.º Que o obxecto e bandeira da revolución en España é a caída dos Borbóns. 2.º Que sendo para os demócratas un principio esencial do seu dogma político o sufraxio universal e admitindo os progresistas o dereito moderno constituínte do plebiscito, (...) fose que por un plebiscito [...] o por unhas Cortes Constituíntes elixidas polo sufraxio universal, decidírase a forma de goberno que se había de establecer en España, e sendo a monarquía, a dinastía que debía substituír á actual; (...), ata que así se decidise, había de ser absoluta a liberdade de imprenta e sen ningunha limitación o dereito de reunión, para que a opinión nacional puidese ilustrarse e organizarse convenientemente sen que o goberno provisional, que saíse da revolución, puidese influír como tal na resolución da cuestión fundamental; sen prexuízo de que as persoas que o compuxesen puidesen soste-la privada y publicamente as súas opinións individuais. 3º Que se recoñecía como xefe e director militar do movemento ó xeneral Prim...”

Pacto de Ostende: progresistas e demócratas acordan:

- Expulsión dos Borbóns,
- Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio Universal,
- Liberdade de prensa, reunión e asociación, etc
- Buscar o apoio militar para derrubar a monarquía mediante un pronunciamento.

Isabel II, desprestixiada e sen o apoio dos falecidos Narváez e O'Donnell, vai ser destronada na Revolución Gloriosa de 1868 e marcha ó exilio.